

## Lémbrome

Lémbrome das Fontiñas, o barrio de Vilalba onde nacín, na primavera de 1947, e onde transcorreu toda a miña infancia.

Lémbrome do meu pai, que era músico e carpinteiro, e que un día, cando eu tiña oito anos, me levou ver o mar de Foz.

Lémbrome da miña nai, que todas as semanas amasaba o pan na casa e despois levábao a cocer ao forno da Rosa.

Lémbrome do meu avó materno, Xosé de Louzao, que tiña unha pequena plantación de tabaco na horta de tras da casa. Nas tardes de inverno, el mesmo picaba, cunha navalla e con paciencia infinita, aquelas grandes follas secas.

Lémbrome dos cómics que os meus irmáns e mais eu liamos unha e outra vez, nunha época en que a palabra televisión aínda nos era totalmente descoñecida.

Lémbrome dos seriais que escoitabamos pola radio, sobre todo dos que eran os meus preferidos: Superman e Unha princesa de Marte.

Lémbrome da fogueira que faciamos no meu barrio na noite de San Xoán, e doutras fogueiras distantes que se vían desde o balcón da miña casa.

Lémbrome do andel onde o meu pai gardaba os seus libros, entre os que había títulos inesquecibles como A illa misteriosa, O escaravello de ouro ou Os tigres da Malaisia.

Lémbrome do recendo a mazá madura que había nos armarios e nos chineiros da miña casa, por obra das mazás que a miña nai colocaba no seu interior.

Lémbrome das festas de San Ramón, cando a casa recendía a rosquillas e aos nenos nos daban diñeiro para montar nas atraccións e comprar caramelos e nubes de azucre.

Lémbrome da señora Xenerosa, que polas noites nos contaba contos de crimes e de aparecidos. Despois, subir as escaleiras para se ir deitar era un traxecto duro e difícil.


Lémbrome do señor Crende, un encadernador que lle prestaba libros ao meu pai e que a min me agasallaba con onzas de chocolate negro.

Lémbrome dos meus sete anos de internado na Universidade Laboral de Xixón e das tardes de inverno que pasabamos estudando nos nosos cuartos, mentres fóra chovía e chovía.

Lémbrome do 21 de xullo de 1969, cando Neil Armstrong puxo os seus pés sobre a superficie da Lúa e o meu pai quedou esperto toda a noite para ver aquel momento histórico pola televisión.

Lémbrome dunha tarde de sábado de 1970 cando, no cine Alexis de Barcelona, vin Jules et Jim de François Truffaut, unha película que deixou en min pegadas indelebles.

Lémbrome do primeiro de maio de 1977, cando a miña dona e mais eu participamos en Bilbao, coa ilusión acabada de estrear, na manifestación máis grande que nunca na miña vida vira.

A handwritten signature in black ink, reading "Agustín Fernández Paz". The signature is stylized and enclosed within a large, loopy circular flourish.